



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA ONCE DE XULLO DE 2024 CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Tenentes de Alcalde: D. MANUEL COSTA CARNEIRO
D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
D^a. MARÍA SUSANA GARCÍA LEMA
D^a. DIANA VARELA BARREIRO

Secretaria accidental D^a. MERCEDES PEREIRAS CALDELAS

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e corenta minutos do día once de xullo de dous mil vinte e catro baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (19/06/2024).

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día dezanove de xuño do ano que andamos, que se aproba por unanimidade.

2º.- Instancias de obras de particulares e comunicacións previas.

2.1.- Instancia núm. 202499900000632 de don Francisco José Pena Brage. (Expediente número 2024/U052/000004)

Dáse conta da citada instancia na que Francisco José Pena Brage expón que con data do 24/09/2019 a Xunta de Goberno Local concedeulle licenza para construción de vivenda unifamiliar en Silvaoscura, 12 - Sales (San Fins), referencia catastral da parcela 15090B50202104, (licenza número 2019/U022/000016), nos termos do proxecto achegado e asinado por don Luís Fernández Fernández en calidade de arquitecto, e que rematadas as obras e achegando a documentación preceptiva comunica a primeira ocupación da edificación obxecto do expediente.

Dáse conta tamén da formalización dos terreos de cesión para regularización da vía.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e do disposto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (artigo 142), no Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, así como na demais lexislación de aplicación, toma coñecemento da comunicación da primeira ocupación (expediente 2024/U052/000004) e aproba a liquidación das taxas correspondentes, que ascenderon, segundo a liquidación practicada para o efecto, á cantidade de noventa euros (#90,00#).

A toma de coñecemento faise deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2.2.- Comunicación de obra de don José Furelos Mogo. (Expediente número 2024/U026/000036)



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por don José Furelos Mogo para reforma de tellado de vivenda e gabia de drenaxe perimetral, nos termos da documentación técnica achegada asinada por José Manuel Pena Alonso en calidade de enxeñeiro técnico agrícola e de data 20/06/2024.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 000300300NH43C, emprazada en Xián, 5 - Sarandón (San Pedro), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como Dos núcleos rurais, e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación técnica achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de setenta e seis euros con oito céntimos (#76,08#).

2.3.- Comunicación de obra de don Fernando Alonso Nodar. (Expediente número número 2024/U026/000044)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por don Fernando Alonso Nodar para instalación de placas solares fotovoltaicas, 11 paneis, 5,555kwp, sobre cuberta de edificación nos termos da documentación técnica achegada asinada por Santiago Rodríguez Constenla.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 15090A50601356, emprazada en Casansula, 3 - Sarandón (San Miguel), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como Dos núcleos rurais. N-1, e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación técnica achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cento cincuenta e nove euros con oitenta e sete céntimos (#159,87#).

3º.- Dar conta de Resolúcións da Alcaldía.

Dáse conta das Resolúcións da Alcaldía do mes de xuño:

DECRETO	DATA	ASUNTO
350	04/06/2024	Cambio datas suspensión temporal da praza na EIM de LJV
351	04/06/2024	Baixa no Programa Conxuga, modalidade ludoteca, curso 2023/2024 de IMV
352	04/06/2024	Contratación persoal PEL Concellos 2024 (3 peóns de obras públicas), en función da proposta de mesa de selección
353	04/06/2024	Contratación persoal PEL Concellos 2024 (1 operario/a de servizos varios-axudante de RSU), en función da proposta de



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



		mesa de selección
354	04/06/2024	Altas no padrón municipal de habitantes
355	04/06/2024	Altas no padrón municipal de habitantes
356	04/06/2024	Incoación de expediente por denuncia por incumprimento da normativa en materia de prevención de incendios en Paizás-Trobe
357	06/06/2024	Aprobación proxecto modificado de Ampliación abastecemento San Miguel de Sarandón (POS + 2024. Complementario) para incluír memoria detallada remitida á Demarcación de Estradas do Estado en Galicia para solicitar autorización pertinente.
358	06/06/2024	Adxudicación, mediante contrato menor, da posta en marcha e xestión da piscina municipal tempada de verán 2024 (Expediente 2024/C002/000003)
359	06/06/2024	Adhesión do Concello de Vedra ao Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade
360	07/06/2024	Designación da funcionaria Mercedes Pereiras Caldelas como secretaria/interventora-tesoureira dende o 08/06/2024 ata a cobertura do posto vacante por xubilación do titular
361	07/06/2024	Aprobación e orde de pagamento das nóminas correspondentes á extra do mes de xuño
362	07/06/2024	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do Programa Conxuga, modalidade madrugadores, correspondente ao mes de xuño, curso escolar 2023/2024
363	07/06/2024	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do Programa Conxuga, modalidade ludoteca, correspondente ao mes de xuño, curso escolar 2023/2024
364	07/06/2024	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do servizo de uso de posto no Centro de Emprendemento A Estación, correspondente ao mes de xuño
365	07/06/2024	Cambio de titularidade recibos taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene pública da vivenda núm. 46 de Viño grande – San Andrés de Illobre
366	07/06/2024	Declaración de xubilación forzosa por idade de D. Carlos J. Méndez –Losada Abalo , Secretario/Interventor-tesoureiro do concello
367	07/06/2024	Altas no padrón municipal de habitantes
368	07/06/2024	Aprobación modificado nº 1 de Colectores de saneamento en Fontao (Vedra) (POS + Adicional 2/2023)
369	10/06/2024	Baixa no Programa Conxuga, curso 2023/2024
370	10/06/2024	Altas no padrón municipal de habitantes
371	10/06/2024	Altas no padrón municipal de habitantes
372	10/06/2024	Aprobar, reconecer a obriga e ordenar o pagamento da taxa pola cesión do uso da instalación xuvenil Area (Viveiro) para campamento de Mar 2024, do 22 -29 de xuño
373	11/06/2024	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do servizo de EIM, concepto de comedor, correspondente ao mes de maio
374	11/06/2024	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do SAF, modalidade dependencia, correspondente ao mes de maio
375	11/06/2024	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do SAF, modalidade libre concorrencia, correspondente ao mes de maio
376	11/06/2024	Aprobación conta xustificativa da subvención nominativa concedida ao CEIP de Ortigueira para viaxe de fin de curso á Área



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



		Recreativa Extramundi
377	11/06/2024	Aprobación e orde de pagamento a J.L.G. de indemnización vinculada á participación na Comisión Avaliadora de solicitudes de ingreso na EIM, curso 2024/2025
378	11/06/2024	Aprobación e orde de pagamento a MªJ.P.L e N.G.M de indemnizacións vinculadas á participación no proceso selectivo para a contratación dun/unha monitor/a de tempo libre para o servizo de madrugadores e ludoteca municipal
379	11/06/2024	Concesión de anticipo á empregado municipal
380	12/06/2024	Designación de Vogal 4º (técnico/a designado pola Alcaldía) na Mesa de Contratación da licitación de execución de actuacións de carácter supramunicipal do Plan de Sostenibilidade Turística Terras de Santiago (Expediente 2024/C004/000002), financiado a través do PRTR (NexGenerationEU)
381	12/06/2024	Aprobación convenio de colaboración entre o Concello de Vedra e a Asociación Terras de Compostela para a execución do PSTD Terras de Santiago
382	14/06/2024	Recoñecemento trienios persoal municipal
383	17/06/2024	Aprobación listaxe provisional de persoas admitidas/excluídas no Programa Conxuga, modalidade de ludoverán 2024
384	17/06/2024	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do servizo de Campamento de Mar 2024
385	17/06/2024	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do servizo de Minicampamento de aventura 2024
386	18/06/2024	Arquivo actuacións expediente municipal número 2021/I002/000006 de orde de execución tramitada para conexión co servizo de saneamento municipal no lugar de Tomonde – Ribadulla (Santa Cruz) e traslado aos interesados de informe de conexión da empresa concesionaria do servizo
387	18/06/2024	Altas no padrón municipal de habitantes
388	18/06/2024	Aprobación expediente de contratación do investimento Construción de parque infantil na contorna da escola unitaria de San Xián de Sales (Expediente 2024/C002/000004), cofinanciado pola Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, ao abeiro da Orde do 27/12/2023 (DOG núm. 9/24, do 12 de xaneiro)
389	18/06/2024	Aprobación e orde de pagamento da taxa a Augas de Galicia para a obra de Colectores de saneamento en Fontao (Vedra)
390	19/06/2024	Delegación funcións Alcaldía no 1º Tenente de Alcalde, don Manuel Costa Carneiro, do 01-05 de xullo por viaxe a Capannori (Italia) para asistir ao 6º evento internacional do proxecto europeo WINEU.rur
391	19/06/2024	Aprobación solicitude á Asociación Terras de Compostela de ingreso da achega correspondente á anualidade 2024, segundo convenio asinado para a execución do PSTD Terras de Santiago
392	19/06/2024	Designación do persoal municipal para a realización das atribucións outorgadas ao Concello de Vedra en calidade de entidade executora do subproxecto PSTD Terras de Santiago e aprobación de gratificación anual
393	19/06/2024	Expediente limpeza de parcela en Viño grande –Illobre
394	19/06/2024	Adxudicación de monitoraxe e material para o Campamento de Mar en Area (Viveiro) do 22-29 de xuño (Expediente 2024/C002/000005)
395	20/06/2024	Denegando solicitude para Programa Conxuga, modalidade



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



		ludoverán 2024 a YSR (solicitude fóra de prazo)
396	20/06/2024	Aprobación listaxe definitiva de persoas admitidas/excluídas no Programa Conxuga, modalidade ludoverán 2024
397	20/06/2024	Obriga dos titulares da vivenda núm. 6 de Tomonde de conexión co servizo municipal de saneamento
398	20/06/2024	Baixa na EIM, curso 2023/2024 de MOG
399	20/06/2024	Adxudicación contrato de servizo de asesoramento xurídico, defensa xurídica e representación procesual do Concello de Vedra (Expediente núm. 2024/C0040/000003)
400	20/06/2024	Baixa na EIM, curso 2023/2024 de VTQ
401	20/06/2024	Cambio de xornada na EIM, curso 2024/2025, de SRG
402	20/06/2024	Arquivo de oficio de expediente de EIM, curso 2024/2025 de CCC (por falta de formalización de matrícula)
403	20/06/2024	Arquivo de oficio de expediente de EIM, curso 2024/2025 de ALT (por falta de formalización de matrícula)
404	20/06/2024	Participación no POS + Adicional 2/2024 (1ª fase), confirmando as dúas obras do POS + 2024 Complementario: Ampliación abastecemento a San Miguel de Sarandón e Ampliación da rede de abastecemento a Picón (Vilanova).
405	20/06/2024	Concesión vacacións persoal municipal
406	21/06/2024	Modificación factura do servizo de abastecemento de auga por rectificación de consumo (1T/ 2024)
407	21/06/2024	Aprobación do Fondo de Acción social do 1º período de 2024
408	21/06/2024	Expediente de limpeza de parcelas en San Miguel de Sarandón
409	21/06/2024	Aprobación prima de xubilación a Carlos J. Méndez –Losada Abalo
410	21/06/2024	Adquisición de luvas dermatolóxicas en concepto de EPIS de empresa como medida de prevención de riscos laborais
411	24/06/2024	Aceptación renuncia praza concedida Programa Conxuga, ludoverán 2024 a HCS
412	24/06/2024	Remisión de expediente ao Xulgado do Social nº 1 de Santiago de despido/cese 4/2024, sobre despido de dona Rosario Canicoba Castro
413	24/06/2024	Aprobación xustificantes de gastos vinculados a prestacións varias incluídos na relación de facturas F.2024.19 por importe de 166.221,61 euros
414	24/06/2024	Aprobación modificación de créditos 8/2024 na modalidade de xeración de créditos vinculada á subvención para o fomento de emprego no medio rural (APROL RURAL)
415	24/06/2024	Expediente de reposición da legalidade urbanística por obras e actuacións en Quintáns – San Xián de Sales
416	24/06/2024	Aprobación modificación de créditos 9/2024 na modalidade de xeración de créditos vinculada á subvención para a adquisición de novidades editoriais e mellora de coleccións bibliográficas para o ano 2024
417	24/06/2024	Ampliación prazo de presentación de ofertas para a obra de Construción de parque infantil na contorna da escola unitaria de San Xián de Sales para atender consultas técnicas sobre a memoria da obra
418	24/06/2024	Adxudicación praza vacante na EIM, curso escolar 2024/2025, a EIM
419	24/06/2024	Aprobación xustificantes de gastos vinculados á empresa Droguería –Ferretería El Sol, S.L incluídos na relación de facturas



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



		F.2024.18 por importe de 4.710,01 euros
420	25/06/2024	Adxudicación praza vacante na EIM, curso escolar 2024/2025, a SCL
421	25/06/2024	Adxudicación praza vacante na EIM, curso escolar 2024/2025, a PIC
422	25/06/2024	Adxudicación praza vacante na EIM, curso escolar 2024/2025, a XRD
423	25/06/2024	Reforzo do servizo de ludoteca de verán mediante a contratación de 2 monitores/as de tempo libre a xornada completa por circunstancias da produción e volume de traballo, procedentes da bolsa de emprego do proceso selectivo realizado en novembro de 2023.
424	25/06/2024	Delegación para celebrar matrimonio civil o 26/06/2024 no 1º Tenente de Alcalde, don Manuel Costa Carneiro
425	25/06/2024	Altas no padrón municipal de habitantes
426	25/06/2024	Aprobación e orde de pagamento de nóminas do mes de xuño
427	26/06/2024	Autorización uso das instalacións deportivas municipais e acceso á piscina durante o mes de xullo ao Club Olímpico de Vedra
428	26/06/2024	Autorización uso das instalacións deportivas municipais e acceso á piscina durante o mes de xullo á Asociación AMABUL
429	26/06/2024	Autorización uso das instalacións deportivas municipais e acceso á piscina durante o mes de xullo á ANPA do CEIP Ortigueira para o campamento Acamparte
430	26/06/2024	Aprobación expediente de contratación da prestación do servizo da Escola Infantil Municipal do Concello de Vedra (Expediente núm. 2024/C004/000004)
431	26/06/2024	Aprobación da liquidación da taxa pola formalización do contrato Servizo de asesoramento xurídico, defensa xurídica e representación procesual do Concello de Vedra (Expediente 2024/C004/000003)
432	26/06/2024	Adxudicación mediante contrato menor do servizo de vixilancia e alugamento de caiacs na Area Recreativa de Agronovo durante a tempada de verán 2024 (xullo e agosto) (Expediente núm. 2024/C002/000006)
433	26/06/2024	Aprobación proxecto modificado de reforma e mellora de camiños en Gundián, Sobredo e outros (POS + 2024) para adaptalo á autorización do Servizo de Patrimonio Cultural
434	28/06/2024	Aprobación xustificantes de gastos vinculados a pagamentos pendentes de aplicar ao orzamento (concepto non orzamentario 40100) incluídos na relación de facturas F.2024.20 por importe de 8.262,64 euros
435	28/06/2024	Alta no SAF-Libre concorrencia de MVTP
436	28/06/2024	Cambios no Programa Conxuga, modalidade ludoverán 2024 a JCF
437	28/06/2024	Aprobación xustificantes de gastos en concepto de seguro de accidentes para a actividade Descenso do Ulla por importe de 270,38 euros
438	28/06/2024	Cambio frecuencia asistencia Programa Conxuga, modalidade ludoverán 2024 de ASS

A Xunta de Goberno dáse por informada.

4º.- Outros asuntos.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.gal



Non se presentan.

Conclúe ao fío das vinte e unha horas e cinco minutos.